

Entroido 2020

Chega febreiro e con el o ansiado Entroido. En Galicia, que somos moi do mar e aproveitando o noso PDI deste ano, queremos falarvos dunha festa tradicional moi peculiar, o popular Enterro da Sardiña.

A simboloxía da sardiña representa toda a festa vivida durante o Entroido. A súa sorte tamén depende da zona, nalgúns lugares queimase nunha fogueira ou tamén se enterra. Co seu fin, simbolízase a volta ó orde despois duns días de festa, comidas inxentes, etc.

O seu enterro, dependendo da zona, se representa dende unha parodia onde unhas viúvas de negro choran á sardiña defunta ata outros desfiles máis pintorescos con charangas e disfraces de diferentes temáticas.

Durante o entroido tamén temos diferentes costumes gastronómicas, como son os tradicionais cocidos e sobremesas tan soborosas como as orellas, rosquillas ou as filloas tando doces como salgadas.

